



Compostela  
Cultura

---

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL**  
**FILHARMONÍA**  
**DE GALICIA**

2019 → 2020

---

**XOVES 17**  
**OUTUBRO 2019**

20.30 h

Auditorio de Galicia

**Ciclo de piano Ángel Brage**  
**NORTE, SUL E LESTE**

**Maximino Zumalave** Director  
**Dmytro Choni** Piano

---

**Sala Mozart**  
**19.45 h**

CONvers@ndo con  
MAXIMINO ZUMALAVE Director





---

# PROGRAMA

---

## I

### **FRANZ SCHUBERT (1797-1828)**

Abertura en Re maior "En estilo italiano", D. 590 (8')

### **FRÉDÉRIC CHOPIN (1810-1849)**

Concerto para piano núm. 2 en fa menor, op. 21 (32')

*Maestoso*

*Larghetto*

*Allegro vivace*

Dmytro Choni, piano

## II

### **FELIX MENDELSSOHN (1809-1847)**

Sinfonía núm. 3 en la menor "Escocesa", op. 56 (40')

*Andante con moto - Allegro un poco agitato*

*Vivace non troppo*

*Adagio*

*Allegro vivacissimo - Allegro maestoso assai*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 35 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

---

## VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Anna Alexandrova  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Ildikó Oltai  
Victoria Jurov  
Daniel Kordubaylo  
Claudio Guridi  
Ilya Fisher

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Samira Ajkic  
Kiyoko Ohashi  
Elina Viksne  
Irina Gruia  
Enrique Roca  
Helena Sengelow  
Gyula Vadaszi

## VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Timur Sadykov  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina  
Ionela Ciobotaru  
Iriana Fernández

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Thomas Piel \*\*  
Millán Abeledo  
Carlos García  
Elena Domínguez (R)

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Simon Lewis (R)

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TROMBÓNS

Marcos Dorado (R)

## TIMBAL

José Vicente Faus \*

---

# MAXIMINO ZUMALAVE

## Director

---

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. É director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Con el actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, las hermanas Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F.P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquesta Ciudad de Granada, entre outras. É invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo; coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música; así, Torrente Ballester

---

envíale unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,  
que coas súas mans do silencio  
arrinca  
a máis pura poesía,  
no espacio fuxidía  
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña. En febreiro de 1995 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018 foi membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, dende 2014, formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e en 2016 foi distinguido co Premio da Cultura Galega.

## **DMYTRO CHONI**

### Piano

Gañador do Primeiro Premio do Concurso Internacional de Piano de Santander Paloma O'Shea en 2018, preséntase como unha das promesas máis relevantes da súa xeración. O seu talento ten sido recoñecido noutros certames internacionais de piano como o Ferruccio Busoni (Italia), Concurso en Memoria de Vladimir Horowitz (Ucraina) e o de Suzhou (China) en 2017. Ademais, ten recibido os primeiros premios nos concursos Bösendorfer USAU (EEUU) e Berna (Suíza) en 2019; Los Ángeles e ZF-Musikpreis (Alemaña) en 2018; Roma, Ciudad de San Sebastián e o Premio Arturo Benedetti Michelangeli outorgado pola Academia de Piano Eppan (Italia) en 2017.

Como solista, ten actuado con diversas orquestras sinfónicas como a da República de San Marino, a do Vallès e RTVE, a Nacional de Ucraína, a de Suzhou en China e a de Phoenix. Así mesmo, traballou baixo a

---

dirección de Miguel Ángel Gómez Martínez, Francesco Ommassini, Alain Paris, Rubén Gimeno, Volodymyr Sirenko, Vitaliy Protasov e Matthew Kasper. No eido da música de cámara, ten tocado xunto ao Cuarteto Quiroga, Quartetto di Cremona, os violinistas Andrej Bielow e Orest Smovzh e o viola Nils Mönkemeyer, entre outros.

Tense presentado en festivais como o Kissinger Sommer en Alemaña, Next Generation Classic Festival Bad Ragaz en Suíza, Harmonie Starego Miasta en Polonia e no ucraíno Kyiv Summer Music. En España participou no Festival Internacional de Santander e no Festival de Música y Danza de Granada. Ademais, participa con frecuencia na Academia Internacional de Música de Liechtenstein.

Dmytro Choni naceu en Kiev, Ucraína, en 1993. Recibiu a súa primeira lección de piano aos catro anos de Galina Zaslavets. Estudou na súa cidade natal con Nina Naiditch e Yuri Kot. Recibiu clases maxistras de músicos como Arie Vardi, Sergei Babayan, Pavel Gililov, Klaus Hellwig, Grigory Gruzman, Aquiles delle Vigne, Yakov Kasman e Claudio Martínez-Mehner. Na actualidade estuda na Universidade de Música e Artes Escénicas de Graz (Austria) con Milana Chernyavska e é bolseiro do Fondo Vere para a Música (Ucraína).

Os seus compromisos da temporada 2019-2020 levarano a debutar en recital no prestixioso Wigmore Hall de Londres e no Festival Internacional Cervantino de Guanajuato (México). En España poderase escoitalo, ademais de xunto á Real Filharmonía de Galicia, coa Orquesta de la Comunidad de Madrid, entre outras.

---

## Franz Schubert (1797-1828)

A *Abertura en Re maior, 'en estilo italiano', D. 590* pode ser un intento de achegar a linguaxe musical do compositor austriaco ao éxito de Gioacchino Rossini ou, quizais simplemente, unha homenaxe. A principios do século XIX, Viena vive o comezo de popularidade das óperas do compositor de Pésaro e algúns compositores -entre eles un Schubert mozo- tentan seguir a súa estela adoptando parámetros estéticos idénticos. Tras decatarse do éxito de *L'inganno felice* (1816) e *L'italiana in Algeri* (1817), Schubert centra a súa inagotable inventiva en algunhas partituras que desenvolven a riqueza sonora e o sentido melódico de Rossini pero coa súa marca persoal: gran riqueza harmónica e fluidez de discurso. Nesta ocasión discurso que, analizado polo miúdo, vese máis debedor do alemán pero cuxo sobrenome de 'en estilo italiano' argumentase sobre unha cita case literal que traspasa o centra da obra e que procede da aria máis coñecida da rossiniana ópera *Tancredi 'Di tanti palpiti'*. A obra tivo tal éxito e Schubert quedou tan convencido do resultado final que a parte do material máis identificable empregouna na que sería a súa abertura máis famosa, *Rosamunda*.

## Frédéric Chopin (1810-1849)

Para os artistas do século XIX, o piano era o perfecto medio de expresión dos sentimentos tan propios do Romanticismo, movemento do que o compositor polaco foi un dos seus máximos representantes. Inspiradas nas fontes populares, moitas das súas composicións para piano son mostra da súa fidelidade a Polonia e están marcadas polos ritmos e as melodías do seu folclore así como polo espírito heroico do país. Pero tendo en conta a diversidade de ideas musicais de Chopin, en certo modo, cinguidas ao respecto que sentía pola forma establecida do concerto, os temas das obras para piano e orquestra terán un carácter múltiple, sen esquecer que os dous concertos para o instrumento son obras de mocidade. Concertos numerados inversamente á súa composición, é dicir, o coñecido como *Segundo concerto* foi escrito antes do designado como *Concerto núm. 1*. Este cambio débese a que o primeiro dos concertos foi publicado máis tarde que o segundo, por unha razón sentimental: envolto en música, nacionalismo e romances



---

escandalosos, Chopin perdeu as partes orquestrais do *Primeiro concerto*, e cando as recuperou, o outro concerto, posterior a éste, xa fora publicado. Namorado da cantante Konstantia Gladkowska á que Chopin non foi quen de declararse abertamente dada a súa xuventude e a súa timidez, escribelle a un amigo “*Quizais encontrei, para a miña mala fortuna, á miña ideal, á que adoro fielmente e con sinceridade. Pasaron seis meses e aínda non intercambiei unha soa palabra con aquela coa que soño cada noite... ela, a que estaba na miña mente cando compuxen o Adagio do meu concerto*” referíndose o compositor ao *Larghetto*, pois naquel tempo adoitaba chamarse *adagio* a todo movemento lento. O concerto presenta unha disposición clásica en tres movementos dos que o primeiro está escrito en forma sonata e tras unha introdución orquestral na que se expoñen os dous temas principais, o piano aparece cun protagonismo que ostentará ao longo de todo o movemento. O delicado e intimista *Larghetto* evoca os máis fondos sentimentos a través de emotivas e adornadas liñas melódicas e presenta unha sección central cun contrastado sentido dramático que Oscar Wilde describiu así “*Despois de escoitar a Chopin, sinto como se houbera estado chorando por pecados que non cometín, gardando loito por traxedias que non eran as miñas...*”. O final consta dun tema sinxelo e claro e outro, practicamente unha mazurca, de claro aire polaco. A pesar da trastenda romántica da peza, Chopin tampouco expresou o seu amor na dedicatoria e así este *Concerto núm. 2* está dedicado á condesa Delphine Potocka.

### Félix Mendelssohn (1809-1847)

Naceu no seo dunha familia burguesa onde se lía a Homero na lingua orixinal, discutíase de filosofía en catro idiomas e os irmáns tiveron unha escrupulosa educación musical e unha severa disciplina aplicada polo compositor Carl F. Zelter, no estudo do contrapunto e a fuga. Ás altas capacidades infantís de Félix engadíuse un estrito proceder no traballo, unha gran naturalidade para asimilar estilos e autores (de Bach e Mozart a Weber ou Beethoven) e a oportunidade de coñecer e debater con compositores internacionais moi recoñecidos como Berlioz, Liszt ou Meyerbeer. Sendo un mozo realizou

---

numerosas viaxes por Europa visitando Italia, Suíza e inspirado, como tantos outros colegas, polas obras do escritor Sir Walter Scott chegou a Escocia, onde coñece Edimburgo, visita Abbotsford para saudar ao seu admirado escritor, e percorre as míticas Terras Altas do norte e o arquipélago d'As Hébridas. A visita ao Pazo de Holyrood causalle tal impresión que escribe á súa familia: “*A capela veciña non ten teito, a herba e a hedra invadírono e é diante deste altar en ruínas onde María foi coroada raiña de Escocia. Todo está destruído e poeirento e a luz do ceo penetra no interior. Creo ter encontrado aquí o comezo da miña sinfonía escocesa*”. A pesar diso e da grande inspiración do comezo, a sinfonía non foi rematada ata doce anos máis tarde sendo el mesmo quen dirixiu á Orquestra da Gewandhaus de Leipzig na estrea o 3 de marzo de 1842. A *Terceira Sinfonía*, de perfección formal e melodía subxugadora, é unha das súas obras máis características, e descritiva, pois evoca a paisaxe de Escocia tomado pola brétema a través das melodías populares daquel país. Delicada, elegante e poética, ábrese cun brillante e nostálxico *Andante con moto* de clima sombrío e brumoso definido por unha pasaxe lenta cantado polas violas e o óboe; séguelle un *Allegro un poco agitato*, en forma de sonata, que recolle novamente a frase do *andante* inicial nos seus últimos acordes e que dará paso a un segundo tema de carácter *cantabile* cálido e lírico. A continuación, e tamén como forma sonata, aparece o vertixinoso *Vivace non troppo*, protagonizado polo ritmo, evocador do folclore escocés, onde o clarinete acompañado pola corda substitúe a sonoridade do instrumento propio similar á gaita. No terceiro tempo, un intenso *Adagio* de inspiración sobresaínte, os violíns expoñen e desenvolven unha longa melodía sobre as cordas graves e as trompas soando na distancia; trompas que interpretan un solemne tema que acabará de modo conmovedor pola incorporación de toda a orquestra. As cordas rotundas inician o *Allegro vivacísimo*, batallador e épico, para dar paso a un segundo tema a cargo das madeiras; cara ao final, Mendelssohn lembra o principio do primeiro movemento; seguidamente, a unha coral da trompa súmase o resto da orquestra para culminar a sinfonía de modo heroico e extraordinario.



---

**Xoves 24 de outubro**

**20.30 h**

**SOÑOS DE INVERNO**

Concerto 30 aniversario do Auditorio de Galicia

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Steven Isserlis, violoncello

S. O. Infante Souto: *In memoriam* (obra encargo da RFG-estrea absoluta)

E. Elgar: *Concerto para violoncello en mi m, op. 85*

P. I. Chaikovski: *Sinfonía núm. 1 en sol menor, op. 13, TH 24 "Soños de inverno"*

**19.45 h**

**Sala Mozart**

Conversando con ...

Paul Daniel e Sofía O. Infante Souto

**Xoves 31 de outubro**

**20.30 h**

**BRAHMS SEMPRE**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Michail Jurowski, director

Ellinor D'Melon, violín

J. Brahms, *Concerto para violín en Re maior, op. 77*

J. Brahms, *Sinfonía núm. 1 en do menor, op. 68*

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

**OFICINAS**

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacapitalcultural.gal](http://www.compostelacapitalcultural.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia  
@CCultura



GOBIERNO DE ESPAÑA



CONCELLO DE SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación DA CORUÑA